

MARUXA DO RUEIRO 4 / 4

RITUAIS ARREDOR DA MORTE. DO VIÁTICO Á VOLTA DO CEMITERIO



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_GaRo_0008_005_en_0_44_18_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_GaRo_0008_005_en_0_44_18.mp3
TIPO DE DOCUMENTO:	Entrevista. Relato
MATERIAL DISPONIBLE:	Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN:	0:33:12

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 27 de xullo de 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/aldea/ barrio:** Bretal
 - Parroquia:** Olveira (Santa María)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Maruxa do Rueiro
 - Data de nacemento:** 1945 (53 anos)
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: Maruxa é unha muller que vivía cerca da casa de Pérez, era costureira cando estaba solteira, e eu recordo de pequena de andar pola súa casa. O seu pai andou a navegar, e o seu marido tamén. Gañou ben de cartos nas perforadoras e ela aforrounos. Fixeron a casa onde están vivindo agora, que é de tres plantas e con moita capacidade; e tamén teñen o bar, frecuentado por moita xuventude. O seu marido está traballando no bar e ten dúas fillas: unha estudando maxisterio e a outra medicina. Son rapazas moi traballadoras e parece ser que sacan boas notas, algo anecdótico aquí na aldea, pois a maioría da xuventude que está fóra estudando anda con expediente, polo que di a xente, moi baixos.

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Esta é a parte 3/4 da entrevista a María do Rueiro. O groso da conversa xira arredor da morte e as visións de mortos. Incidentalmente aparecen outros temas, como a recollida de argazo, unha actividade agro-marítima; ou as melloras nas comunicacións e na difusión de xornais nos anos sesenta, e seguintes, do século XX.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0008_002_en_0_12_57.mp3; id 3679)
Os rezos polos defuntos. O cristianismo e a crenza do pobo.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0008_003_en_0_23_52.mp3; id 3680)
A premonición da morte a través dos sonhos
- Parte 3 (MPG_GaRo_0008_004_en_0_35_46.mp3; id 3681)
A chegada do coche de liña e a confusión ca compañía.
- **Parte 4 (MPG_GaRo_0008_005_en_0_44_18.mp3; id 3682)**
Rituais arredor da morte. Do viático á volta do cemiterio.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

difuntos defuntos misas adevisas visión premonición morte argazo viático Santa Compañía cemiterio cemeterio funerais loito luto



TRANSCRICIÓN

Ven de MPG_GaRo_0008_004_en_0_12_57.mp3; id3681

O VIÁTICO CAS CAMPANILLAS

Rosa: E despois había outra cousa, que era o viático. Ti recordas o viático?

Maruxa: Acórdome antes ca ti, que son maior ca ti.

R.: Si, xa, xa, loxicamente... pero ti non terás ido no viático.

M.: Eu *cantidad* de veses de pequena, eh. O viático... Ti... que *cososmentos* tes ti do viático?

R.: Eu teño os coñecementos dos libros da parroquia, que os teño traballado. E no ano corenta e catro¹, e aquí na parroquia xa empezaron a deixar de andar co viático. É dicir, non ían xa todas as familias, había familias que xa non querían que levaran a procesión do viático á súa casa. No corenta e catro. Pero o viático estivo ata o ano sesenta; no ano sesenta deixouse xa de... Entón claro, hai moitas historias respecto ao viático. Ten en conta que ía a procesión, ían cas *campanillas*, e as mulleres cando oían as *campanillas*, levantábanse da cama, poñían a *mantilla* e saían. Eu iso non o vin nunca, porque, claro, a min xa non me colleu.

M.: Amais ti non te *criastes* aquí, pero eu si.

R.: Eu non me criei.

M.: Eu pódoche explicar como era. Eu *sola* nunca fun, porque era unha rapasa, pero con mamá teño ido moitas veses. Á unha, dúas, tres da mañá, calquera hora da noite. E empesaron a *repinicar* as *campanas*, e *entonses* sabíase que *salía* o viático, non? *Entonses* ti non podías *salir sin* dous homes. Xa non podías saír da Igrexa.

R.: Xa tiña o sancristán.

M.: Amais, outra *persona* máis. E *despois*, pois *salían*, *no*? Entón a xente *iba salindo* aos camiños, porque *iban* ca campanilla.... entón *según donde* viña o ruído, a xente *iba* indo, e *íbanse* xuntando, xuntando, xuntando... o *sea* que a casa do enfermo cheghaba a unha *multitú* de xente, entendes? De alí *salían* dúas ou tres *personas*, pero logo polo camiño... *iban hasta donde*... Amais buscando, *iban* polo *sonido* porque *iba* a *campanilla*, pero no... Pois hai (?) pero daquela non. *Ibas* por corredoiros. “Por onde virá o *sonido*? De tal sitio” Pois *ibas*, *ibas hasta* que o encontrabas. E *eso*...

R.: Había confusións do viático co son Santa Compañá. E pasoulle a máis dunha muller, saír a por... A miña avoa Rosa incluso...

M.: De aí é a Santa Compañá, claro.

¹ Nota da autora da recolla: Dou esta data de memoria.



R.: Claro, claro. Saír á porta, eh, pensando que era o viático, e non ser o viático, ser outra cousa... Na miña aldea...

M.: E por que sabía ela que non era o viático?

R.: Por que sabía ela que non era o viático? Pois porque se levantou... O que narran, non? Ela levantouse, puxo a *toquilla*, saíu á porta... ela oíu as *campanillas*... Levantouse, puxo a *toquilla*, saíu á porta e non había absolutamente ninguén. Non había ninguén, ninguén, ninguén... Entón había como un vento, así, como un aire... e meteuse outra vez dentro da casa. Ou sexa, non era... debía estar soñando, debían ser moitas cousas, non? Pero *bueno*, máis mulleres, eh, máis mulleres tamén que confundiron o viático ca Santa Compañá. Outra muller sentiu as *campanillas*, saíu xa ca *toquilla*, e viu que ía xa diante, quixo pórse a andar con eles pero ían *moi correndo, moi correndo*, e xa non puido collelos. E claro, non eran eles, era a Santa Compañá segundo ela. Entón hai algunhas narracións desas de medo, non? De confusión...

O MORTO NA CAIXA E VENO CAMIÑANDO POLA ALDEA

M.: Si, mira, o que pasa é que... un... Eu pódoches contar as miñas experiencias, pero *despois* as dos demais... non sabes *hasta* que punto é *verdad* ou é mentira. A min, claro... como cho contan *personas* de toda a túa confianza, e ti os tes como *personas* serias, non tes... Céntachos unha *persona*, un *cantamañanas* calquer cousa, non llo cres, pero *vamos*... A min venme á mente, que mo contara unha amigha miña², que é unha *persona* que eu *bueno*, pa min é unha *persona* seria, que pode... e ténoo en conta á hora de faser e falar e tal. Que non fai moito a ela e á súa nai pasoulle un caso... a min púxoseme a *piel* de ghaliña. Porque non foi... foi fai moi pouco tempo. *Bueno*, pouco tempo relativamente, pero *vamos*, que poden faser des anos ou así que foi *eso*, ou menos... que viñan pra misa, pra aquí pra esta *iglesia*, que xa non había Oliveira, xa era aquí na nosa *iglesia*, aquí na Agra. E viñan ela e mais súa nai pra misa. E *entonces*, viñan cheghando aquí, antes da *carretera general*, pois á súa nai entroulle as ghanas de faser pis, de ouriñar. E *bueno*, retirouse un pouco po lado, e púxose alí... E estaba na faena, a filla esperando por ela e ela toda colocada, e pasa un señor. Un señor pois... un pouco separada delas, pero reconosérono. E dille a filla “Mamá mira aí vai, ti non ves, que carreira leva?” E a filla a chorándolle os males, que estaba a morrer, que estaba a morrer, que pobriño, que tal, que non *salía* da semana... E dille a nai “Ti non ves como o *cuidan* co cariño dos filliños, que o *cuida* a filla, que tal... Podes chorar os teus males, que morría, que morría o pobriño... e mira que carreira leva. Non ves, mira, leva unha marcha, que calquera di que está enfermo.” Viñéronse pola *carretera*, viñéronse pra entrar na *iglesia*...

[Hai un corte no audio dende 00:46:39 ata 00:46:51]

² Nota da autora de recollida: Está falando da vivencia de María Lema, que ela mesma ma narrou, e agora nárrama Maruxa.

M.: E o cura dixo “Bueno, a las seis da tarde será la conducción del cadáver de Fulano de tal.”³ Quedaron mirando unha pa outra, *bueno* [ríndose], que *bueno*, *sin* saber que *desir!* E *saliron* de alí, foron... porque era familiar da señora esa, foron pola casa e era... estaba o señor na caixa, colocado ca *misma* roupa que *habían visto* elas antes. *O sea* que, oes contar esas cousas e non sabes *hasta* que punto... A min, *o sea* a min esas cousas nunca me pasaron, pero claro, hai de todo. E *desos* casos podíache contar un montón deles, podíache contar... así de *personas*, logho, que ti, pois... *eso*, que son dignas de crédito, non? Non fai moito tampouco, unha señora de aquí e moi seria, moi responsable, moi... *o sea*, que te podes fiar dela. Pois máis ou menos polas dúas e media, tres da *mañá*, non recordo *ahora* a hora, pero era alta hora da noite, estaba... á hora de *dormir*, estaba durmindo, non? Entón chamaron por ela, unha tía que morrera, unha tía que vivía con ela, e claro, ela pensou que estaba soñando, non? *Entonses despertou* sobresaltada, pero *vamos*, que quedou outra vez a *dormir*... pensando, como cando era eu co de papá, era unha obsesión. E po outro día o *mismo*, pero un pouco mais *fuerte*; ela xa se *mosqueou*, “como é posible!”, non? amais a *misma* hora e tal. E dixo, levantouse así unha noite... “Heime de sentar na cama e non vou *dormir*”. Sentouse na cama, chamárona, non sei o que... podía ter encargando algo porque dixo, *bueno*, “madríña, ti vaite tranquila e non me chames mais, eh! Cando sexa de día, xa hei de faser eu o que teña que faser...” A señora non me contou que tiña que faser. Non me contou nada, pero *eso*. A min esas cousas nunca me pasaron, *entonses* si me pasa eso xa quedo no sitio, pero vamos, non sei... Desas cousas hai un montón delas.

R.: Si, sobre todo nas mulleres, non?

M.: *Bueno*, mulleres, non sei... Cóntoche experiencias, pero *bueno*.

O VELORIO⁴

R.: Actualmente ti aínda vas aos velorios?

M.: *Bueno*, *eso* xa é un apartado... Eu, aos *velatorios solamente* vou... *solamente* vou a aquelas *personas* familiares e *amistades*, despois non vou... Ou a un compromiso porque desde que morreu mamá, *personas* que viñeron aquí, pois é unha forma de corresponderlle, non? Pero aos *velatorios* non, *o sea*, eu nunca vou a un *velatorio* por ir. Eu pra ir a un *velatorio* teño que ter... teño que ser algo da familia, *o sea*, ou familiar ou...

R.: Ou amigo. E cando vas ao velorio fas a bendición?

M.: *Eso* si que non.

³ Nota da autora da recolla: O que di o cura, dío en castelán, xa que Francisco sempre fala castelán na misa, nunca o fai en galego.

⁴ Nota da autora da recolla: Fun aos velorios para ver como se ocupaban os espazos e que se facía. E os homes non están na habitación do defunto, ese espazo é das mulleres. Os homes están na cociña, no corredor ou na entrada da casa. Pode haber algunha muller no corredor, pero é porque xa se está despedindo.



R.: Nunca?

M.: Nunca *jamás*. Aquí hai a *costumbre* do ramo de *olivo* e tal, pero eu *jamás*. Eu non toco o ramo de *olivo*, eu *santíguome*.

R.: E rezas?

M.: *Bueno*, resar tampouco. Tamén che hei de *desir*, pra que mentir, eu resar tampouco, alí non. Eu para resar son un caso un pouco especial, non sei se lle pasará así a algunha xente. Eu teño que estar *sola*. Vou resar por *ejemplo*, un rosario, unha cousa colectiva si, pero eu non son de estar aí ao lado do *difunto* resando. Eu podoo meditar o que é a morte, ou que lle dea o Señor por esa *persona* que está alí, pero resar un *padrenuestro* eu *sola*... A min non me di nada, non, non reso.

R.: Que fas, a xenuflexión?

M.: Eu a *genuflexión* fágoa ao Santísimo, nada máis.

R.: E ó defunto, que lle fas?

M.: Eu, ao defunto, chegho alí, fágoo a veces... chegho alí, míroo, doulle o pésame a familia, séntome alí un pouco, e así... Ou se vou pra quedar, vou pra quedar. Pero despois si hai unha *persona* que resa o rosario, *entonces* si, todos.

R.: E normalmente quedas na habitación do defunto ou no corredor, non?

M.: Eu *jamás* quedo no *pasillo*, eu sempre quedo acompañando ao cadáver. Eu non teño *costumbre* de quedar... de ir a un *velatorio* e estar en outro apartado. Eu vou ó que vou.

R.: Ti estas alí na habitación. Alí sentada.

M.: Si, o tempo que estou, estouno alí. Non estou nin no *pasillo*, ni na cosiña, ni na *salita*...

R.: E os homes adoitan estar na cosiña?

M.: *Bueno*, a *desir verdad*, eu non sei onde están porque eu nunca estou noutro sitio máis que *elí*.

R.: Alí, na habitación.

M.: Pois non che sei *desir*: a xente *soe* está por toda a casa, vamos, pola *casa*... polos apartados, polos departamentos que a familia ten destinado á xente, non anda a xente pola casa adiante. Pero aquí nese momento estase na cosiña... ou as casas que teñen unha cosiña pequena, pois no salón ou no pórtico se é verán... Pero eu, a *costumbre* que teño eu cando vou, eu estou na habitación. Sempre estou, *eso* sempre, eh.

R.: *Bueno*, creo que xa che preguntei todo, máis ou menos...

M.: *Bueno*, podíamos estar falando *siglos* porque aí hai... sobre a morte e sobre os *sufragios* e sobre... *bueno* e despois, especialmente dos *sufragios*, dos *sufragios*... hai moitas formas de entender... e despois xa os actos *religiosos* polos *difuntos*, hai moitas formas de entendelo. Os *velatorios*, hai moitas formas de entendelo. Hai *personas* que están enraizadas pero non *sinten*, oes comentarios, por *ejemplo*, xente que... por eles, pois posiblemente non terían xa *velatorio*, pero como é unha tradición, pois non lles ghusta rompela.

R.: Isto vai cambiar moito cos tanatorios, eh.

M.: *Esto* xa está cambiando, de feito xa está cambiando... porque hai xente, coma eu *personalmente*, a min ghústame a xente. Eu cando morreu mamá, pois eu... como estás confusa, estás *atontada*, non che importa que veñan, que non veñan, que tal... e despois ghústache ben saber quen vén e quen non vén, e gústache ben saber quen *estuvo*, *o sea*, porque che quere, porque che aprecia, porque... Pero despois hai *personas* que é pola tradición namais, oes comentarios de que lle molesta á xente, entendes? Pa *eso*, coller e cerrar a porta, poñer unha notiña na porta, pois “cerramos de tal hora a tal hora”...

R.: Pero aquí non poñen unha notiña, non?

M.: Non, aquí non. Aquí inda hai así a *costumbre* de... Hai xente que non, hai xente que non lle... que non lle ghusta. Porque non teñen a valentía de...

R.: Polos veciños?

M.: E *bueno*, é unha pena que non o faghan, porque un *velatorio* é unha cousa de moita *amistad*, de moito sacrificio. Porque eu cando vou a un *velatorio*, despois tardo moitos días en repoñerme, porque é unha noite que estás pasando alí e estalo pasando mal. Estás pasando unha noite *sin dormir*, e ao outro día teste que pór a traballar...

R.: E non podes estar un ratiño e marcharte, non?

M.: Tamén, pero tamén ao estar alí, tamén... porque hasta ás tres da mañá ou así hai xente, porque si vas a acompañar á familia, pois tes que estar. Quédaste toda a noite, ou vas ou non vas, entendes? E eso é algo que a xente... pois o que non sinta... debera, pois nada, cerrar a porta, ver a algunha *persona*... Aquí namais que o fixo unha familia, nada máis. Unha familia puxo unha nota na porta e a min pareseume moi ben, se non lle ghusta á xente... *Estuveron* a gusto. Era unha familia bastante... moi largha, tiña moitos membros da familia, pois velaron a eles. E ás *amistades* fixéronlle un favor... e aí se quedaron a ghusto. E despois, bue...



O CEMITERIO E O LOITO

R.: E ti adoitas levarlle á túa nai flores ao cemiterio?

M.: Si, a min... si. Máis veces non lle levo tantas como eu quixera, que eu, como sabes, que a miña vida é un pouco *atareada* e *casi* sempre están *mustias* de... pero si, tráíollas. A veces non teño tempo de irlas levar e non llas levo, pero eso xa é outra cousa. É cuestión xa de tempo, pero si, a min encántame, por moito que... a veces din “*eso é unha tontería, eso é un escaparate*”... a min ghústame.

R.: Cando vas ao cemiterio, falas con ela ou non?

M.: Falar non, pero pensar así en privado si...

R.: En privado, si, na túa intimidade?

M.: Si, na miña intimidade, si. Moitas *personas*, e recódoas de distinta maneira, claro. Xa che disía ao principio, ao principio recordas e todo é tristesa, todo é pena, todo é amargura, todo é... despois recordas, vaiche cambiando, e dáste conta que é de distinta maneira, pero si. E eu en canto aos *sufragios*, *deso* podíamos falar largho e tendido, e das *costumbres* dos *funerales*, de ter moitos curas, de ter unha cousa *despampanante*...

R.: Cinco curas polo menos, non?

M.: *Bueno*, aquí... aí... non sei en outros sitios, pero *especialmente* aquí nas aldeas... pois as *personas* maiores ven o funeral se é bo ou malo pola *cantidad* de curas que teña. *Personas* de setenta anos pa atrás, máis de *ochenta*... pois un funeral que teña dous curas ou tres xa é pobriño de todo. *Eso* é unha pobresa, *eso* é unha putada! Cantos máis teñas, mellor. Eu por *ejemplo* non penso así, eu teño outro concepto distinto do...

R.: Xa. E ti cando foi da túa nai, levastes cinco curas tamén?

M.: Eu cando foi de mamá non sei cantos, o que che podo *desir* é que non encontrei máis. Se máis encontro, máis traio, non porque a min me importe que *sean* dous, que *sean* tres, que *sean* seis... O que pasa é que a mamá *aunque* era moi moderna, *iba* moito cos tempos e tal, aí non había quen a quitara, tamén tiña esa forma de pensar. Moitos curas. Para complasela, eu en tanto a *puden* complaser, todo lle complasía.

R.: Cantos curas levastes á túa nai?

M.: Eu non me dou conta porque estaba tan *aturdida*... pero non sei si eran seis ou sete, todos cantos *puden* encontrar! *Ahora*, eu *siempre* lle digho ás miñas fillas, si eu morro, que *ojalá* que *sea* diante delas, a min non me importa que *sean* seis, ni que *sean*... É unha misa. Un par de curas... non porque fagan falta un par de curas, porque unha misa é unha misa. Pero *bueno*, pois poden faser a súa función, o seu... Por *ejemplo*, hai *personas* que se queren comulgar por min, e non teñen *oportunidad* de confesarse, pois que haxa un par de curas pa confesarse, pa

confesar aquelas *personas* que queiran. Pero pa faser unha función, non polo simple *hecho* de estaren alí, porque tanto vale que dighas amén, como que o digha un cura. Eso é ighual, sabes que... a función que *fasería*, que a min me ghustaría, esas catro ou sinco ou seis... para conselebrar, se é para conselebrar entón si, a *mersé* dunha misa, pois onse misas, ou sete misas, ou vinte misas... Pero o... polo simple feito de telos alí, no altar, aos sinco curas de adorno, pois a min *eso* non me di nada, *personalmente*. Eu fíxeno, pero non por min...

R.: Pola túa nai...

M.: Porque eu sabía que ese era o ghusto dela, pero por meu ghusto...

R.: E despois puxeches loito?

M.: *Eso* tamén é outro apartado, que tamén é algo que fixen que eu non sinto. Eu *estuvén* tres anos de *luto*. Mamá sempre *desía* que por unha nai menos de tres anos, que non se debía faser... Eu *estuvén* tres anos. Que mamá di que seis? Pois seis. Se a mamá di que medio ano? Eu foi complaséndoa a ela. *Ahora*...

R.: De loito ou de alivio?

M.: *No, no, no*, de neghro, de neghro. *Ahora*, tamén che digho, Xosé Manuel e as nenas non estaban de *acuerdo*. E a Xosé Manuel eu xa lle digho: o día que eu morra, que *ojalá* que *sea* diante delas, eu non quero que por min poñades *luto*, salvo que lles ghuste e que se encontren favorecidas, pero senón que me poñan... que non me vistan de neghro. Porque *esto* a min... *esto* non me di nada. *Eso* é unha tradición, como tradición, pero... ao morto non lle fai nada que vaías de neghro como que vaías doutro color. Se aquel día, pois se queres levar algo *oscuro*, por *desir* de non ir de *rojo* detrás dun ser querido, *bueno*, pero vamos, o que é o *luto*... o que é o *luto*, non. Eu non sinto. Eu tanto recordo a mamá cun vestido *rojo*, como cun vestido verde, como cun vestido neghro. *Eso* é unha bobada, *eso* fíxeno por complasela a ela, pero non por que o sentira. Mira, eu... eu en comparación con mamá, non sentín máis que os meus *sentimientos*. O externo, fixen todo complaséndoa a ela, non porque o sentira. O *luto*, para nada... *eso* é unha *tontería*. O dos curas, eu... baixo o meu punto de vista, outra *tontería*... *sin* conselebrar, conselebrando non, *entonces* iso é punto e aparte. Pero unha *persona*, un cura, tanto dá que contestes ti... (?) Os curas, un par deles... (?) Eu *eso* do *luto*, véxoo... E de feito é que é unha cousa *generalizada*, hoxe é moi raro o do *luto*...

R.: Eu aínda vexo mulleres de corenta e cinco anos que van de loito, cando é por exemplo un irmán, ou un parente moi directo.

M.: Si, si é un parente moi directo, moi directo, pero máis que un ano xa non.

R.: Non, un aníño. Eu estou observando...

M.: Si, pero *esto* vai en desuso, eh.

R.: Si, si, si. Isto xa non é como era... A miña nai polo seu irmán púxoo un ano, pero de alivio. Foi en desuso, eh.

M.: Vai en desuso, claro.

R.: Cando foi a súa irmá puxo un ano enteiro de loito...

M.: Era así, senón querías *salir* no periódico, de...

R.: Non, pero ela vivía alá, ela non vivía aquí. Púxoo... (?)

M.: *Sin embargo* eso das flores, tampouco se lle fai nada, pero eu vou polo sementerio, e ves unha *persona sin* nada, penso que ninguén se acorda dela, que non sei que... ou quen di flores di un símbolo, non? Unha planta, un algho...

R.: Si, eu cando ía ca miña avoa ao cemiterio da igrexa vella, aí en Olveira, eu recordo que a miña avoa nunca levaba flores ao panteón familiar, nunca. Ela ía, despois da misa, sempre terminaba a misa, collíame a min da man e íamos á tumba a rezar, iso sempre. Pero levar flores... eu non recordo o costume de levar flores. Agora o das flores véxoo máis de agora.

M.: Antes era mais ben o día de *difuntos*, o día de *difuntos* vestíase á sepultura de gala.

R.: Exactamente, pero durante o ano, non. Eu non recordo, nin recordo o cemiterio cheo de flores. Ti recordas?

M.: *Antiguamente*, non. *Sin embargo*, papá, fai vinte e tres anos que morreu, eu sempre o recordo de levar flores a Olveira, fai vinte e tres anos... pero tamén recordo que *éramos* moi pouquiños, dúas ou tres *personas*.

R.: Eramos pouquiños, eu só recordo sete. Eu teño ese recordo, o de ir a rezar, si. Ao terminar a misa, e tiñamos que ir... porque como as tumbas, os panteóns estaban no atrio da igrexa, íamos alí a rezar, sempre, todos os días, pero flores nunca. Agora si. Iso cambiou.

M.: *Eso* tamén cambiou. Tamén *pudera* ser que antes, *antiguamente*, pois había poucos panteóns, *entonces*, non iban a faser como un... *entonces*, un...

R.: Non, non, non, si había panteóns, muller.

M.: *Bueno* había, pero non tanto como agora, que cada un ten a súa *propiedad*, antes pois non era o *mismo*...

R.: Si, unha fosa común, non?

M.: Non unha fosa común, pero *vamos*, podías..... Aghora ninghuén che pode tocar na túa *propiedad*. *Sin embargo* antes había as cruses cas *fechas*. E aquí si non tiñas un *panteón*, entreghábanche as *cenizas* e ti tiñas que *faserte* cargo delas.

R.: Si. Mercedes, a miña tía, esa quixo ir na terra, na terra quixo ir ela. E xa está na terra. Ti sabes que eles teñen panteón, na casa teñen panteón de nichos. Ela quixo ir na terra, ela está na terra. E a terra non a levantaron, eh. Ela está alí!

M.: Está alí no panteón ou...? Aquí aínda non había.

R.: Non, aquí teñen pero o panteón antigo. O de antes alí o teñen.

M.: Tíñano alí?

R.: Si, si, si. Alí o teñen. Ela foi na terra como quixo, e non a levantaron da terra. Mercedes está alí, eh, Mercedes está alí. E meu avó tamén. Están alí. Meu avó non está na terra, meu avó está no panteón. Pero quéroche dicir que a Mercedes non a levantaron da terra, eh. Non a levantaron.

M.: *Bueno*, incluso hai *personas* que deixan dito xa o que queren, o que non queren, cunha *tranquilidá* espantosa. Din o que queren, o que non queren, e tal...

R.: Si, por iso isto é moi... moi así. Cada un ten a súa forma de... isto...

M: Que están cambiando as cousas.

R.: Están cambiando. Cando foi o enterro da túa nai, ti recordas que os teus irmáns se puxeran na porta do cemiterio para recibir o pésame dos homes e das mulleres?

M.: *Bueno*, nese caso eu, como non teño irmáns... pois non che sei *desir*, pero eu non me dou conta do... e a veces estou *recopilando*, estou pensando e tal, e quedas en *blanco*. Eu da... tamén me dixeran que chovera moito, eu daquel día non recordo nada. Estou como en *blanco*. Estou pensando como foi o momento de mamá de *salir* da casa e eu non son capas de o coller. Eu non botei ningunha lágrima ese día. E *despois* pasados uns días, eu botei máis de un mes a chorar, pero... quedoume aquí unha cousa e nin era capas de comer, nin de beber nin de durmir, nin nada. Así un pesar tan ghrande, tan ghrande, tan ghrande, e non son capas de recordar como foi aquel día. Eu non me dou conta de como mamá *salin* da casa, nin quen a levou, nin quen a quitou... Non son casa de recordar como foi aquel día.

R.: Non recordas...

M.: Non recordo nada, nada, nada, nada...

R.: Eu dígocho porque Boo díxome que claro, que el cando morrera o seu pai, el non sabía nada. Boo, o irmán de M^a Pili e M^a Loli.

M: Si, si.



R.: Non sabía nada, entón enterrárono, e el e o seu irmán marcháronse do cemiterio, entón a xente andaba buscándoo para darlle o pésame. E desta vez con M^a Loli, a nai xa os avisou. Pois, na porta para...

M.: *Suelen* estar na porta os familiares.

R.: Adoitan estar na porta. Os homes?

M.: Os homes, si, *suelen* estar. En todos...

R.: En todos. Ti iso tamén o recordas?

M.: Si, si, si, eu non recordo o que pasou con mamá.

R.: Si, si, pero o demais, si, dos outros si, verdade?

M.: Eu sei que no de mamá, pois os únicos homes que había era meu cuñado e mais Manuel...

R.: Si, o teu home.

M.: O meu marido, que non teño irmáns. Pero Manolo non *estuvo* porque eu recordo que nos viñemos os dous xuntos. Pero non me acordo nin se deron o pésame, nin se non nolo deron... eu non me acordo de nada. É algo que quedei en *blanco*, non che podó explicar o que pasou, pero si que hai a *costumbre*, eh. Eu vou... [corte no audio] E si, os homes pónense na porta do *sementerio* e alí, pois están po pésame.

R.: Pero no cemiterio vello de Olveira, os homes non se poñían na porta do cemiterio. Isto é novo...

M.: Isto é de *ahora*, si, de *ahora*... si, fai poucos anos...

R.: Porque eu non teño ese recordo de pequena, de que os homes se puxeran na porta.

M.: Porque era... xa había outras *costumbres*. Non é... mira, tamén antes xuntábase a xente na casa do *difunto*. Aí, aí había. Aí *ibas* sempre... *bueno*, é *lógico*, que vas acompañando ao *difunto*, que vaias á casa, *eso* tamén *ahora*. Porque é *lógico*, vai ser un acompañamento, ti vas acompañando. *Dispois* aquí *ahora* unha ves que vas aquí, estás na *iglesia*, vas... acompañas ao *cementerio*, e no *cementerio* a xente... cada un vai pas súas casas.

R.: Pero xa non van a casa?

M.: Non, salvo que *sean* familiares *lejanos* ou tal, que vaian... pois o *lógico*, non? De familia... (?)

R.: Pero antes volvíase?

M.: Antes volvíase e despois poñíase alí unha *persona* á porta da casa resando. Rezaban un montón de *padrenuestros*...

O REGRESO A CASA DO CIMETERIO

R.: E volví o cura tamén?

M.: Non, non, o cura non. *Eso*, había unha *persona* que se dedicaba a *resar*, ou se non se dedicaba, pois unha *persona* que tiña así máis *desparpajo*.

R.: Era un home?

M.: Home ou muller. *Resaban* un rosario, ou tal, o que fora... resaban un pouco e despois de alí, pois *ibanse*. Eu recordo que se *iban*. *Ahora*, contaban os antepasados ou o que lle oía a mamá, que *antighuamente*, *antighuamente*, claro, e non moi *antighuo*... na *juventú* dela, que *dispois* que se había o gran banquete. Entraban *adentro*, fasían... comían...

R.: Si, o caldo, o cocido...

M.: Fasían o caldo, o que fora, eles comían.

R.: Comían, e comían todo o polo.

M.: E se non había... Os de *lexos*, comían o caldo, e comida, o que fora. E os de serca tomaban unhas copas, ou comían un troso de pan, ou comían... Eles entraban, *solo deseaban* pasar pa dentro, e a xente entraba. Eu xa non teño idea *deso*, pero si que mamá contaba. E pouco máis atrás, remontándonos mais atrás, *iban* non sei cantos días... despois de desenterrar ao *difunto*... a *resar* o rosario. *Si* eran moitos rosarios, eran des rosarios... eran un montón de días. *Eso* era unha verdadeira tortura, porque non deixabas vivir ao... é que morría o *difunto*, *entoses* morrían os da casa. Porque xa me dirás, recordándolle sempre... bum, bum, bum, seguido, faséndolle *hincapié* no...

R.: O duelo facíano todos xuntos, non? En certo modo...

M.: *Eso*... o duelo...

R.: O duelo ca xente da vila.

M.: Macabro. Queiras que, *eso* non pode ser... Tes que tratar de animala, e de tratar de *olvidalo*, *olvidar* relativamente, que *eso* non se *olvida*, pero *vamos*, axudarlle a pasar o trago doutra maneira... insistíndolle, recordándolle que *eso*. Pero antes era así, eu xa digo, *bueno*, eu xa non recordo *eso*. Pero eu de volver a casa a *resar*, si, eh.

R.: Ca túa nai volveron de volta?



M.: Non, non. Pero por aí máis ou menos. De papá, si. Eu de papá recordo hai vinte e tres anos que volveran a casa a rezar.



R.: E destes comida ou caña ou algo?

M.: Non, non, *eso* xa nada. A xente de *lexos*, pois pasou pa dentro e tal. E *bueno*, que eran de quedar naturalmente, coma nós, non? Tes que atendela, venche un familiar...



R.: Tes que dar de comer...

M.: E tes que... Non vas a mandala a ningún sitio, é unha cousa *lógica*.

R.: Si, si, si.

M.: Pero xa despois en plan banquete, non, xa non. *Sin embargo*, mamá... *habrá* uns des anos ou así que se foi perdendo *eso* de...

R.: Cantos? Dez?

M.: Des anos que se foi perdendo *eso* de volta e resar e *eso*... E pois xa co defunto, *dispois* os... pois *eso*, o que se foi facendo das... pois a *modernidá* que se foi implantando, non? As cousas que foron vindo, pois así como foron avansando os tempos, pois fóronse perdendo as *costumbres* e collendo outras... Antes tamén había as personas que se dedicaban xa a *amortasar* os defuntos...

R.: Agora xa o fai a funeraria.

M.: Aquí había un par delas tamén. Teu tío...

O AMORTALLADO

R.: Quen? José de Pérez?

M.: José de Pérez, tamén Secundina de Tato. E facían un gran favor, eh, *cuidado!*

R.: Eran os que amortallaban?

M.: Os que viñan, os que *amortaxaban*, lavábanos, preparábanos, aseábanos, poñíanos en forma...

R.: Si?

M.: E *dispois*, si, pero... Facían un gran favor, eh. Eran *personas* moi *respetadas* e moi... e *cuidado*, eh, que... *mui* queridas porque non todo o mundo vale pa *eso*. *Ahora* non, chamas ás funerarias



e... telefonas á funeraria... e ti desenténdeste de todo. Veñen, arréghlano, prepáranos, corren con todo... corren con... se hai que preparar o cadáver, se hai que... E incluso, pois, cousas de *iglesia*, os recordatorios de... de todo, todo. Ti non fas nada, a ti pásanche a factura ao final, e pagas e ti... xa está. Pero antes non, e antes *gracias a Dios* que había esas *personas*, se non...

R.: Secundina de Tato, dis? Vive aínda?

M.: Si, claro que vive. Cando foi de papá foran os dous. Papá gastou todos cantos tiña, cando andaban por aquí...

R.: A min díxome Francisco que José de Pérez vai a todos os velorios.

M.: Si, José de Pérez, *hasta* que viñeron as funerarias, pois era o que atendía a todos. *Vamos*, si era home xa el. Si era muller... a única muller, ou *iban* os dous, como eran vesiños e tal. E *personas* moi *respetadas* e moi queridas polos vesiños, eh, porque fasían un gran favor a todo o mundo. Ademais *iban*... non *iban* montar negocio, como a funeraria.

R.: Non cobraban nada?

M.: *Hombre!* Nin séntimo. *Iban*... fasían un favor. Fasendo un favor á *persona*, e *iban* e deixaban quedar todo, a súa vida, e *iban*... e fasían unha obra de *caridad*. Eles non era en plan neghoso.

R.: Si, *bueno*, pecho. Documento pechado. Son as cinco menos vinte da tarde.